



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 2/2021 DO PLENO REALIZADA O DÍA 31-3-2021

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e cinco minutos do día trinta e un de marzo de dous mil vinte e un reúnense, mediante conexión telemática, (<https://meet.google.com/iwu-ybzu-rcn>) por videoconferencia, por prevención de contaxios do coronavirus no concello, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

### ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)  
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)  
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)  
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)  
Ramón José Dopico Martínez (PP)  
Juan Manuel Freire Golpe (PP)  
José Otero López (PP)  
Remigio Pérez Bao (PP)  
José Ángel Roca Díaz (PP)

### AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

## ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 14-1-2021. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE), considerando insuficiente a modificación da acta do 30-12-2020 e incorrecta a omisión da xustificación exposta polo sr. Boado (BNG), fórmulase a seguinte alegación:

-no punto 1 de aprobación da acta do 30-12-2020 deberá indicarse o seguinte: o sr. Boado resposta que era bo e un paso para a independencia.

Por parte de Secretaría, dado que considera que non se comprende ben esta intervención no conxunto da acta, por insuficiencia de ilación, solicítase aclaración ao sr. Boado, para que relacione tal resposta con algún outro texto; o sr. Boado remítese á intervención da sra. Cal e finalmente non se produce tal aclaración.

Por parte da Presidencia, dado que este engadido pode ser unha anomalía na redacción da acta, decídese non ter en conta tal proposta e someter a votación a aprobación da acta sen modificación.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Sometido o asunto a votación ordinaria, por maioría absoluta de 7 votos favorables, 1 en contra (sra. Cal) e 1 abstención (sr. Boado), **apróbbase** a acta da sesión extraordinaria de 14-1-2021.

En explicación de voto a sra. Cal indica que o seu voto negativo débese a que a redacción da acta non reflicte correctamente a resposta do sr. Boado; por parte do sr. Boado xustifícase a súa abstención por serlle unha modificación indiferente, xa que existen na redacción das actas resumos de intervencións máis incorrectas e graves.

2. PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXIA SOSTIBLE (PACES-IRIXOA). Dáse conta de que o prazo inicial de 2 anos para a presentación do PACES remata hoxe mesmo, dado que o acordo plenario de adhesión foi do 1-4-2019. A estes efectos a empresa adxudicataria EPTISA tiña de prazo ata hoxe para completar e presentar o PACES. Debido ao irregular fluxo da información necesaria para completar o PACES, esta empresa vese imposibilitada de rematar o traballo contratado. Non obstante, tramitouse unha prórroga do prazo para a presentación do PACES, xustificada polos atrasos derivados da pandemia do coronavirus e outras causas, polo que o prazo foi ampliado pola plataforma europea.

Polo tanto, o punto queda como meramente informativo, tratándose este asunto nunha vindeira sesión plenaria.

Sendo as 13:20 horas retírase temporalmente da sesión o sr. Boado (BNG), xa que ten relación familiar cunha das promotoras.

3. DESAFECTACIÓN DEFINITIVA DE CAMIÑO EN LOUSADA: M<sup>a</sup> DOLORES PORTO ÁLVAREZ E M<sup>a</sup> JOSÉ PÉREZ ARES. No acordo plenario do 11-12-2020 aprobouse inicialmente o seguinte:

"1. Apróbbase inicialmente o expediente de desafectación dun camiño público secundario en Lousada (parroquia de Verís), con referencia catastral 15040A008090150000PB, cunha superficie aproximada de 1.563 m<sup>2</sup>, entre varias parcelas do polígono 8 de rústica de Irixoa: o tramo iníciase colindando coa parte oeste da parcela 001500200NH79B0001PJ e remata no camiño RC 15040A008090090000PH. Posteriormente o tramo desafectado será vendido aos colindantes interesados. O obxecto de tal desafectación e venda é regularizar o viario na zona, descartando o innecesario.

2. Ábrese un período de información pública polo prazo de 1 mes aos efectos previstos no art. 8 do Regulamento de Bens das E.L. (R.D. 1372/86, do 13 de xuño), polo que se publicará o pertinente anuncio no B.O.P.; se existisen outros terceiros que puideran considerarse prexudicados notificarase persoalmente o presente acordo.

3. Unha vez concluído o anterior período de información pública resolveranse as alegacións ou reclamacións, se foran presentadas, e adoptarase o acordo definitivo de desafectación por maioría absoluta. Pola Xunta de Goberno Local deberase aprobar, se procedese, a venda do terreo desafectado ás propietarias colindantes interesados. "

A exposición pública de tal acordo iniciouse mediante a publicación do correspondente anuncio no BOP do 17-12-2020, rematando o 18-1-2021, sen que se presentasen alegacións ou reclamacións. Procede, pois, aprobar definitivamente o presente acordo.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 8 votos favorables, o seguinte **acordo**:



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

1. Apróbase definitivamente o expediente de desafectación dun camiño público secundario en Lousada (parroquia de Verís), con referencia catastral 15040A008090150000PB, cunha superficie aproximada de 1.563 m<sup>2</sup>, entre varias parcelas do polígono 8 de rústica de Irixoa, xa que fai anos que non se utiliza e non se considera necesario para o uso público no futuro: o tramo iníciase colindando coa parte oeste da parcela 001500200NH79B0001PJ e remata no camiño RC 15040A008090090000PH.

O terreo queda como parcela sobrante, coa natureza de ben patrimonial, despojado do dominio público anterior, polo que será a Xunta de Goberno Local a que acorde as condicións dunhas posibles vendas a colindantes.

2. Publicarase a presente aprobación definitiva no BOP, aos efectos de coñecemento xeral e posibles recursos.

Rematado o tratamento do presente punto, sendo as 13:23 horas, reincorpórase á sesión o sr. Boado.

#### 4. DESAFECTACIÓN DEFINITIVA DE CAMIÑO EN GÁNDARA: ALFREDO CALVO VARELA. No acordo plenario do 11-12-2020 aprobouse inicialmente o seguinte:

"1. Apróbase inicialmente o expediente de desafectación dun camiño público secundario en Gándara (parroquia de Churío), con referencia catastral 15040A037090590000PP, cunha superficie de 354 m<sup>2</sup>, entre as parcelas 1026 e 1028 do polígono 37 de rústica de Irixoa. Posteriormente o tramo desafectado será vendido aos colindantes interesados. O obxecto de tal desafectación e venda é regularizar o viario na zona, descartando o innecesario.

2. Ábrese un período de información pública polo prazo de 1 mes aos efectos previstos no art. 8 do Regulamento de Bens das E.L. (R.D. 1372/86, do 13 de xuño), polo que se publicará o pertinente anuncio no B.O.P.; notificarase persoalmente o presente acordo aos colindantes e posibles interesados.

3. Unha vez concluído o anterior período de información pública resolveranse as alegacións ou reclamacións, se foran presentadas, e adoptarase o acordo definitivo de desafectación por maioría absoluta. Pola Xunta de Goberno Local deberase aprobar, se procedese, a venda do terreo desafectado aos propietarios colindantes interesados."

A exposición pública de tal acordo iniciouse mediante a publicación do correspondente anuncio no BOP do 17-12-2020, rematando o 18-1-2021, sen que se presentasen alegacións ou reclamacións; unicamente Alfredo Calvo presentou escrito de aceptación das condicións da posible venda. Procede, pois, aprobar definitivamente o presente acordo.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Apróbase definitivamente o expediente de desafectación dun camiño público secundario en Gándara (parroquia de Churío), con referencia catastral 15040A037090590000PP, cunha superficie de 354 m<sup>2</sup>, entre as parcelas 1026 e 1028 do polígono 37 de rústica de Irixoa, que fai moitos anos que non se utiliza e non se considera necesario para o uso público no futuro.

O terreo queda como parcela sobrante, coa natureza de ben patrimonial, despojado do dominio público anterior, polo que será a Xunta de Goberno Local a que acorde as condicións dunha posible venda a colindantes.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

2. Publicarase a presente aprobación definitiva no BOP, aos efectos de coñecemento xeral e posibles recursos.

5. MODIFICACIÓN DISTRIBUCIÓN GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS POS+ADICIONAL 1/2021. Dáse conta da grave avaría que sufriu o microbús do concello para transporte social (Peugeot Boxer-3, matrícula 8892HNC); o vehículo por falta de presión de aceite quedou danado no motor, sen outra opción que cambiar o motor completo (ben con marca peugeot, ben con marca estándar). O taller de Manuel Rey, onde está o vehículo inmovilizado, realizou 2 orzamentos para esta reparación (man de obra e IVE incluídos):

- cambio de motor poñendo estándar: 7.932,05 €.
- cambio de motor poñendo novo peugeot: 11.449,40 €.

Por parte da Alcaldía indícase que os 2 tipos de reparación ofrecen unha garantía de 1 ano, polo que a diferenza de prezo compensaría o motor novo se a garantía fose de 2 anos; o resto de corporativos adhírense a esta posición e chégase a un consenso unánime de optar:

- polo cambio do motor estándar se a garantía do motor novo é de 1 ano.
- polo cambio do motor novo se a garantía do motor novo é de 2 anos.

Polo tanto, o sr. alcalde queda comisionado para que, en función da garantía final existente, formalice a opción de reparación que corresponda.

Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) considérase que todo produto novo ten unha garantía europea de 2 anos, que é a que se lle debe reclamar ao taller.

Por parte da traballadora social emitíuse informe sobre a vinculación do vehículo aos servizos sociais, a intensificación do uso pola COVID-19, con posible repercusión na avaría, e a necesidade de repoñer os servizos prestados con dito vehículo.

A aprobación do plan provincial adicional 1/2021 de gasto social realizouse por acordo plenario do 11-12-2020.

Por parte de Secretaría comprobouse que a normativa que rexe as reparación en talleres de automóviles é antiga, estando en vigor o Real Decreto 1457/1986, de 10 de xaneiro (BOE 16-7-2021); nesta norma indícase no art. 16 que a garantía das reparacións é de 3 meses ou 2.000 quilómetros recorridos, agás que as pezas instaladas teñan unha garantía superior. Polo tanto, en función do consenso establecido, a opción final do concello é a do motor estándar.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Modificar a distribución no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2021**” da Deputación Provincial da Coruña, para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, aprobada por acordo plenario do 11-12-2020, en función dos informes emitidos pola Secretaría-Intervención e a traballadora social do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	86.731,43 €
---	-------------

*(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)*



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO <i>(Pode ser superior ao importe solicitado)</i>
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)	XXX	XXX	XXX
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	24.731,43	0	24.731,43
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	5.000	0,00	5.000
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)	32.000	0,00	32.000
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	XXX	XXX	XXX
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.	XXX	XXX	XXX
g) Adquisición de medios de preven-	17.000,00	0	17.000,00



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ción (EPI) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contan con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnico dos servizos sociais.			
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	8.000,00	XXX	8.000,00
<b>T O T A L</b>	<b>86.731,43</b>	<b>0</b>	<b>86.731,43</b>

Esta modificación queda condicionada a que a Deputación Provincial da Coruña acepte dita traspaso de cantidades entre conceptos do plan.

2. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

6. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS NO 1º TENENTE DE ALCALDE (28-1-2021) E DE REASUNCIÓN DE FUNCIÓNS (17-2-2021). Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía para delegación de funcións nº 1º tenente de alcalde, José Ángel Roca Díaz (28-1-2021) e de reasunción das funcións (17-2-2021).

Non hai intervencións e o Pleno queda enterado.

7. COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2020. Dáse conta da resolución do 19-2-2021 ditada pola Alcaldía de aprobación da liquidación do orzamento de 2020, co seguinte resumo:

- Resultado orzamentario: 166.452,21 €
- Resultado orzamentario axustado: 170.531,35 €.
- Remanente de tesourería total: 569.678,14 €.
- Remanente de tesourería gastos xerais: 552.107,44 €.

Por parte do sr. alcalde indícase que o concello agora si pode financiar investimentos sostibles co remanente de tesourería para gastos xerais, polo que se irán comprobando as necesidades máis urxentes no futuro.

O Pleno queda enterado.

8. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE MESES ANTERIORES. Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía nos meses de xaneiro e febreiro de 2021, repartindo o secretario unha relación extractada das mesmas a cada corporativo asistente. Remítase unha copia ás administracións estatal e autonómica.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Por parte do sr. Boado (BNG) pregúntase polo motivo da repetición de tanta resolución relativa ao asunto de Rivera. Contesta o sr. alcalde que na tramitación do expediente hai moitas resolucións, e aínda despois de resolto o sr. Rivera presenta outros escritos de recursos, aclaracións, etc., que xeneran bastante burocracia innecesaria.

O Pleno queda enterado.

9. MOCIÓNS DE URXENCIA: APOIO Á ASOCIACIÓN JUSTICIA PARA DIEGO (BNG, PP E PSdeG-PSOE). Pasando á quenda de mocións de urxencia, expónse conxuntamente por parte dos grupos municipais a seguinte moción:

9.1. APOIO Á ASOCIACIÓN JUSTICIA PARA DIEGO (BNG, PP E PSdeG-PSOE). Dáse conta da urxencia do asunto para axilizar a posición municipal ante o Goberno e apoiar a actuación da asociación.

Sometida a citada urxencia a votación ordinaria, por acordo unánime de 9 votos favorables (maioría absoluta), declárase apreciada tal urxencia.

A continuación dáse conta da moción que os 3 grupos municipais someten conxuntamente á consideración do Pleno da Corporación para a súa adopción, co texto literal seguinte

## MOCIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á ASOCIACIÓN JUSTICIA PARA DIEGO NA PROCURA DUNHA INVESTIGACIÓN IMPARCIAL E O CASTIGO DOS CULPABLES DA MORTE DO CORUÑÉS DIEGO BELLO

Diego Bello Lafuente, empresario coruñés que vivía na illa de Siargao, na República de Filipina, foi abatido o pasado 8-1-2020 pola policía daquel país nunha operación antidroga, segundo a versión da policía na que se aseguraba que os axentes tiveran que disparar en defensa propia, logo de que Diego disparase ao verse sorprendido. O informe da policía filipina aseguraba que Diego ía armado e que era un narcotraficante de alto valor.

O goberno español solicitou do goberno filipino as probas de tal acusación, xa que Diego carecía de antecedentes por estar relacionado con ningún tipo de delito e non figuraba en ningunha lista de narcotraficantes nos arquivos das autoridades administrativas do país e ademais non existía ningunha causa xudicial aberta que xustificase as afirmacións policiais.

Pasado case un ano desde a morte de Diego o goberno filipino non contestou ás peticións de España nin facilitou datos que permitan corroborar a tese policial, e tampouco separou do servizo ao xefe de policía Vicente Panuelos, autor do atestado policial no que se relatan os feitos que acabaron coa vida de Diego; todo iso a pesar da inexistencia dun proceso externo á actuación policial que permitise valorar e contrastar as afirmacións feitas polo capitán Panuelos.

O día 30 de xullo a Comisión de Dereitos Humanos de Filipinas, órgano de rango constitucional naquel país fai público un informe elaborado por membros da Comisión no que, despois de achegar os testemuños de policías e testemuñas dos feitos, afirma, sen dúbida algunha, que os policías dispararon a matar o empresario coruñés, con moita proximidade e certeza das traxectorias, o que indica a unha execución extraxudicial premeditada; tendo en conta tanto as declaracións das testemuñas, como dos policías e tamén as gravacións existentes e o informe da autopsia do corpo; a comisión conclúe que a morte de Diego constitúe unha grave violación dos Dereitos Humanos por parte da Policía Nacional Filipina.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

A pesar da contundencia do informe, nada se avanzou na investigación das circunstancias que rodearon a morte de Diego e as sucesivas peticións do Goberno Español foron ignoradas polo goberno filipino, un goberno baixo sospeita de levar a cabo máis de 20.000 execucións extraxudiciais dende o ano 2016, cando Rodrigo Duterte foi elixido presidente do país; tanto a ONU como a Comisión Europea e Amnistía Internacional denunciaron as graves violacións dos dereitos humanos que se están producindo en Filipinas.

En novembro de 2020 a Comisión de Exteriores do Congreso dos Deputados de España aprobou a instancia do goberno español ao de Filipinas para promover unha investigación imparcial. Os concellos da Coruña e de Arteixo aprobaron declaracións institucionais sobre o tema

Tendo en conta o exposto, o Concello de Irixoa, realiza esta declaración institucional pola que:

1º. Recóllese unha condena expresa da morte de Diego Bello pola policía filipina, así como solicítase que este feito sexa investigado por medios imparciais, co proceso e condena, no seu caso, dos culpables desta morte. Apóiase a actuación da Asociación Justicia para Diego.

2º. Ínstase ao goberno español que non permita que a morte de Diego Bello quede impune e que esixa, en virtude das relacións diplomáticas existentes entre os dous países, que o goberno filipino actúe como corresponde neste caso, realizando unha investigación baseada en probas obxectivas, e non tan só nas afirmacións realizadas pola policía, que á luz do informe de Dereitos Humanos de Filipinas carecen de base algunha. Remítirase un certificado deste acordo ao Ministerio de Asuntos Exteriores.

3º. Este procedemento serviría de paso para dar seguridade e tranquilidade á ampla colonia española residente en Filipinas, xa que no caso contrario tendería a interpretar a morte de Diego como un sinal de impunidade que envía o goberno filipino respecto das actuacións da policía do país, con independencia da nacionalidade das vítimas.

Tras un breve debate sobre o contido da moción, por medio de votación ordinaria con resultado de unanimidade de 9 votos favorables, declárase **aprobada** a anterior declaración institucional.

10. ROGOS. Na quenda de rogos preséntanse os seguintes:

1. Por parte do sr. Boado (BNG) rógase que, se van a continuar as sesións plenarias telemáticas, que se graven e se publiquen.

2. Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) rógase que os Plenos sexan retransmitidos en directo ao público.

Suscítase un breve debate sobre a necesidade e comenencia ou non deste tipo de actuacións, sen chegarse a un consenso de opinións no tema.

11. PRESUNTAS. Na quenda de preguntas realízanse as seguintes:

1. A sra. Cal (PSdeG-PSOE) pregunta que está pasando coa facturación do alumado público, como se controla o consumo eléctrico, xa que os importes nalgúns lugares suben de xeito abismal, poñendo de exemplos os lugares de Moutillón, Padernelo, Lapido e Penedo-Irixoa).





# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Contesta o sr. alcalde que se están investigando certas facturas cun consumo excesivo, por se fose debido a algún erro ou xogada de FENOSA de regularización de lecturas de contadores.

1. A sra. Cal (PSdeG-PSOE) tamén pregunta cando se cambiarán as lámpadas do alumado público de Penedo (Churío), pasando a led.

Contesta o sr. alcalde que é unha actuación prevista no proxecto do F.C.A. 2021, con previsión de contratación e execución ao final do verán.

Sendo as catorce horas e cero minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace  
O ALCALDE